

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que terá lugar o venres, día 15 de abril de 2011, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 7/11, do 1 de abril.

Asesoría Xurídica

2.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia, do 24/03/2011, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PA 79/2011, interposto pola entidade Axa Seguros Generales, SA, sobre responsabilidade patrimonial.

3.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia, do 28/03/2011, pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 14/2011, interposto por dona Indrani Thais Palla Maceiras, contra o Consorcio das Mariñas, sobre responsabilidade patrimonial.

4.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia, do 29/03/2011, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial nas dilixencias previas 0000528/2011, seguidas ante o Xulgado de Instrución número tres dos da Coruña, por danos causados en bens provinciais na EP 3006.

5.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia, do 01/04/2011, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial nos autos 1/2010, seguidos ante o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número dous dos de Ordes, en relación á concesión dunha subvención ao Concello de Trazo para a bancada no campo de fútbol de Campo.

6.-Toma de coñecemento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número uno dos de Ferrol, do 21/03/2011, recaída no PA 352/2009, interposto por dona Sofía López Rodríguez, sobre tributos.

Patrimonio e Contratación

7.-Modificación do acordo nº 17 da Xunta de Goberno do 4 de marzo de 2011 relativo á aprobación dun contrato menor consistente nun curso de orientación á banda deseñada “Conciliás” con motivo da conmemoración do 8 de marzo “Día das mulleres traballadoras”.

8.-Modificación do acordo nº 53 da Xunta de Goberno do 9 de decembro de 2010, relativo á prórroga do contrato de servizos de mantemento das instalacións de electricidade dos edificios da Deputación Provincial da Coruña.

9.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar a realización dun contrato menor de Openoffice. En liña.

10.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar a realización dun contrato menor para realizar o curso “Creación de portais web con Drupal. Niveis básico e intermedio. En liña.”.

11.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar a realización dun contrato menor para a realización do curso superior de orientación laboral. En liña.

12.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar a realización dun contrato menor para a realización dun curso de “Traballos de casos. Familias. Nivel I”. En liña.

13.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar a organización, coordinación e realización do programa de ciclismo ano 2011.

14.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar os servizos de mantemento do sistema de tradución bidireccional galego-castelán.

15.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar a subministración de material de oficina consumible con destino á Deputación provincial ano 2011.

16.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares e contratar as obras incluídas no Plan de vías provinciais 2011, primeira fase: mellora de seguridade viaria na D.P. 3501 PK 2+600 a 3+240 (Fene).

17.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares e contratar as obras incluídas no Plan de vías provinciais 2011, segunda fase: ensanche e pavimentación con mestura asfáltica en quente en DP 1802 Veiga a Cabana ás Pontes PK 9+170 a 10+500, 11+500 a 14+900 (As Pontes).

18.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares e contratar as obras incluídas no Plan de vías provinciais 2011, terceira fase: ampliación da plataforma e mellora do trazado na EP 7103 de Laranga a Olveira por Seráns, P.K. 0+000 ao P.K. 6+100 (Porto do Son); ensanche, mellora de trazado e afirmado da E.P. 0512, O Birloque-Arteixo, PK 3,020 a PK 5,300 (A Coruña).

19.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares e contratar as obras incluídas na primeira relación da cuarta fase do Plan de travesías 2010: seguridade viaria, reforzo de firme de calzada, sinalización, iluminación viaria e reposición parcial de beirarrúas nun tramo da DP 0513 Paiosaco a Caión (Tramo da Torre) (A Laracha).

20.-Aprobar a contratación e o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar a realización do cuarto estudo de caracterización da calidade das augas dos ríos Mendo e Mandeo (terceira campaña de indicadores físico-químicos), incluído dentro da actuación A.2.5 do proxecto Mandeo.

21.-Aprobar a contratación e o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación dos servizos de atención e actividades de ocio e tempo libre no Fogar Infantil de Ferrol.

22.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar a organización e coordinación do programa Noite de Cine 2011.

23.-Adxudicar a contratación dos servizos de organización e coordinación dun laboratorio teatral durante o ano 2011.

24.-Adxudicar as obras comprendidas nos servizos de mantemento de tratamentos de pragas nas instalacións do Mosteiro de Caaveiro.

25.-Adxudicar o contrato de servizos de difusión e sensibilización na xestión de riscos costeiros como parte das actividades que ha executar a Deputación da Coruña no proxecto Ancorim.

26.-Adxudicar o contrato de prestación dos servizos de recollida de tóner, tinta e outros produtos desbotables nos centros da Deputación Provincial da Coruña (cuarta convocatoria).

27.-Aprobar o contrato menor de servizos de difusión dos investimentos desenvolvidos pola Deputación da Coruña nos municipios da provincia e realizar un seguimento detallado das actividades culturais, deportivas e sociais.

28.-Aprobar o contrato menor para realizar o curso “Características e necesidades de atención hixiénico-sanitaria das persoas dependentes (Cód. 478)”.

29.-Aprobar o contrato menor consistente na asistencia técnica para elaborar un Plan director turístico do Camiño de Santo André de Teixido.

30.-Aprobar o contrato menor de subministración de 150 exemplares do libro “Os trobadores de Occitania” de Darío Xohán Cabana.

31.-Aprobar o contrato menor de subministración específica dun ordenador portátil con destino ao Servizo de Vías e Obras.

32.-Aprobar o contrato menor de subministración de dúas destrutoras de papel con destino ao Servizo de Xestión Tributaria.

33.-Aprobar o contrato menor de restauración de imaxes do belén da Deputación provincial.

34.-Aprobar o contrato menor de subministración e instalación de mobiliario no edificio administrativo.

35.-Aprobar o contrato menor de subministración de dous mobles planeiros con destino ao Arquivo provincial.

36.-Aprobar o contrato menor de subministración e instalación dunha batería de condensadores para a compensación de enerxía reactiva na estación de bombeo número dous do Polígono Industrial de Sabón-Arteixo.

37.-Aprobar o contrato menor de subministración de prendas de traballo: 14 fundas e 14 pares de botas para o persoal condutor do Parque Móbil.

38.-Aprobar o contrato menor de adquisición de fondos bibliográficos para préstamos na Biblioteca do IES Rafael Puga Ramón.

39.-Aprobar o contrato menor de subministración dun depósito de gasóleo para o taller de ebanistería do Colexio Calvo Sotelo.

40.-Aprobar a modificación do contrato de servizos de limpeza do complexo A Milagrosa, IES Rafael Puga Ramón e Pavillón F.I. Ferrol, F.I. Emilio Romay e Polígono de Sabón (oficinas e nave).

41.-Solicitude ao Consello Consultivo de Galicia da emisión de informe acerca da resolución do contrato de reformado do de instalación de gas natural no Colexio Calvo Sotelo.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

42.-Aprobar a prórroga do contrato de servizo antivirus para os concellos da provincia.

ROGOS E PREGUNTAS